

El informe Brodeck

Philippe Claudel


O narrador fálanos das miserias do ser humano cando se enfrenta a situacións límite, do significado do medo, do diferente, da complicidade das masas, da perda da dor ante tanta dor, das consecuencias da guerra (da Segunda Guerra Mundial, aínda que non se menciona explicitamente), da disidencia da humanidade, da barbarie... Todo isto e moito máis, até a chegada dun optimismo case imposible. Toda a novela xorde arredor

dunha soa palabra: silencio. Silencio ante a covardía, ante o diferente, ante a repugnancia. E sobre este silencio para a palabra de Brodeck, a súa propia humanidade e a ausencia desta. Porque todos / todas somos vítimas e verdugos.

A conxura dos necios

Jonh Kennedy Toole

Galardoada co premio Pulitzer de ficción en 1981, é a novela póstuma do autor. Ignatius Reilly é un rapaz incomprendido, de personalidade enrevesada e atormentado por atopar un traballo que lle permita pagar unha débeda. O protagonista é unha representación grotesca do heroe moderno: intelectual e lacazán, de aspecto excéntrico e desaseado, de conduta maniática e crenzas absurdas e anticuadas. Un gordinflón hipocondríaco que provoca ao mesmo tempo o riso e a mágoa. Ao seu lado, a novela presenta un elenco de personaxes excelentemente construídos, dando como resultado unha traxicomedia disparatada, ácida e intelixente, que contén unha crítica mordaz e demoledora contra a decadente clase media norteamericana, cuestionando de cheo os sistemas económico, relixioso e social do país.





El hombre inquieto

Henning Mankell

É o último libro protagonizado polo inspector Kurt Wallander, que se esvaece nun retiro tras este caso. A súa filla Linda acaba de convertelo en avó e a súa tranquilidade verase perturbada pouco despois, pois o seu consogro, oficial de alto mando da Mariña sueca, desaparece nun bosque cercano a Estocolmo. Wallander ten que implicarse na investigación, sobre todo cando

unha segunda persoa desaparece en misteriosas circunstancias. A investigación apuntará a grupos de extrema dereita dentro da Mariña e á época da Guerra Fría, especificamente aos 80 cando varios submarinos soviéticos foron acusados de violar territorio sueco. Wallander estará a punto de desvelar o maior segredo da historia de Suecia desde a Segunda Guerra Mundial.



Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal (Zalaeta)

Rúa M.^a Victoria Fernández de España n.º 2

15002 A Coruña

Tel.: 981 20 30 00


E-mail: jrabad@edu.xunta.es

Visita o **blogue da biblioteca:**

<http://bibliozalaeta.blogaliza.org/>

e a **páxina do Instituto:**

<http://centros.edu.xunta.es/iesramonmenendezpidal/>



Atenda

Boletín da Biblioteca do IES Ramón Menéndez Pidal

Leer
na
Primavera

Marzo de 2010



1.º e 2.º de ESO



Lúa do Senegal Agustín Fernández Paz

Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa no sur do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado. Na nova terra, a vida é dura para Khoedi: non coñece a ninguén e todo lle resulta diferente. Está en Europa, mais a súa cabeza e o seu corazón continúan en África. O único lazo entre a nova realidade e o mundo que deixou atrás é a Lúa que brilla no ceo polas noites, que serve, ademais, para marcar o paso do tempo. O relato aborda o tema da emigración, ese drama que supón abandonar o propio país e marchar a outro para poder traballar e vivir con dignidade. E para falar do desarraigamento e do conflito emocional que supón ter que comezar desde cero nun lugar do que nada se coñece.

Genealogía de una bruja


Benjamin Lacombe e Sébastien Perez

Contén dous libros, *La pequeña bruja* e *Brujas y Hechizos*, que comparten unha historia (de feito, un está contido no outro), aínda que son moi diferentes, tanto no deseño como no contido. En *La pequeña bruja* coñecemos a Lisbeth, unha nena diferente ás demais que, grazas a un antigo libro que encontra no faiado da avoa, descobre que ela mesma pertence a unha longa xenealoxía de bruxas. *Brujas y Hechizos* é un grimorio (libro de coñecementos máxicos) que contén a historia de trece mulleres sospeitosas de bruxaría



Mil cousas poden pasar. Libro I Jacobo Fernández Serrano

Os fillos do rei do mar, Neda e Mercurín, caen na conta de que se achega o aniversario do seu pai, Pindo IV o Tratable, e aínda non teñen agasallo. Na procura dese galano desencadéanse as mil cousas que dan título a obra de Jacobo Fernández Serrano, gañadora do Premio Merlín de literatura infantil 2009. A partir de aí, a narración vains levando ao encontro dunha serie de personaxes insólitos e á sucesión de situacións imaxinativas e disparatadas na cidade de Nil, onde todo é posible, onde o surrealismo é o normal e o absurdo convértese en lóxico.



Chats Andreu Martín

Eva dixera que ía facer os deberes, pero tras unha hora encerrada no estudio, súa nai encóntraa falando polo Messenger con cinco ou seis conversas abertas, entre elas a de Supermask. E comeza a bronca de cada día, pero Eva non o pode evitar. No instituto, Elisenda e as súas amigas as Tiburonas fanlle a vida imposible, e todo o mundo a ignora, incluído Ernesto. En troques, na rede todo é diferente, porque nos chats encontra a válvula de escape que necesita, e é querida e popular. Non é consciente dos perigos que a esperan...

3.º e 4.º de ESO

O cazador de estrelas

Ricardo Gómez

Bachir vive nun campamento de refuxiados saharauis. Por causa dunha doenza pulmonar ten que permanecer inmóbil na súa tenda, desde onde escoita con atención os sons que chegan até el. A través do ouvido tenta imaxinar o que acontece ao seu redor. Unha noite coñece a Jamida, un vello sorprendente, mestura de sabio e de guerreiro, con quen fala da historia do seu pobo e dos nomes das estrelas. Ese encontro vaille permitir albiscar un mundo alén dos límites opacos da súa jaima.



Perdona si te llamo amor

Federico Moccia

Niki é unha xove madura e responsábel que cursa o seu último ano de secundaria. Alessandro é un exitoso publicista de trinta e sete anos a quen acaba de deixar a súa noiva de toda a vida. A pesar dlos vinte anos de diferenza que hai entre ambos e do abismo xeracional que os separa, Niki e Alessandro namoráranse loucamente e vivirán unha apaixonada historia de amor en contra de todas as convencións e prexuízos sociais.



A materia oscura (I): A aurora boreal


Philip Pullman

Aclamada pola crítica e premiada internacionalmente, a triloxía *A materia oscura*, un novo referente da literatura fantástica, é unha reflexión sobre o destino, a confluencia do mundo real con outras dimensións e a vivencia compartida de trepidantes aventuras. Unha saga de emocionante e absorbente lectura.

El nombre del viento

Patrick Rothfuss

A diferenza doutras obras de fantasía, o mundo de Rothfuss é tan real, tan minucioso, tan coherente e cercano, que non dá a impresión de que se estea a ler fantasía, senón unha crónica histórica sobre un período ignorado. Un exemplo da orixinalidade de Rothfuss e da súa forma de narrar é que a historia propiamente dita non comeza até case as 100 páxinas. Estes extensos prolegómenos, que transcurren case na súa totalidade no interior dunha pousada, lonxe de ser aburridos, son poderosamente aditivos e provocan variadas emocións.



Bacharelatos, Ciclos e adultos



Sol de invierno

Rosa Aneiros

Un narrador dirixese a Inverno, a protagonista, e fala da importancia da memoria, da palabra. Vainos contando todo o periplo vivido dunha nena que padece a morte do seu primeiro grande amor en Antes (lugar real) e, desde este, acontecementos históricos debullados no sufrimento e na simboloxía dun seu pai que loita polos seus ideais de liberdade até o final. Esmiuzando sentimentos, coa vida de Inverno, a súa familia, os personaxes que a rodean, percorremos unha parte importante da historia do século XX, a guerra civil, o exilio, a fuxida a Franza, a marcha a Cuba, a fame, a revolución, os cambios, o regreso a un lugar pendurado do esquecemento... e a enfermidade que paira sobre o ser humano retando a non lembrar mesmo quen somos. Acompañan a todos estes seres ficticios personaxes arrancados da realidade, importantes para a nosa propia memoria.